



MI402A- Correccións de impactos paisaxísticos

Dog 9 do 12/01/2024 Resolución 28/10/2023. Insituto estudos do territorio.

DATA REMATE: 15/02/2024

Contía da Subvención:

ata o 70% do orzamento subvencionable, máximo 3.000 €.

Beneficiarios:

Persoas físicas titulares dun ninmoble. Debe ser propietaria do terreo, inmoble ou ben sobre o que se realizará a actuación e ter plena dispoñibilidade. Contar coa licenza e autorizacións pertinentes

Conceptos Subvencionables:

- a) Restauración e/ou revestimento de elementos de fachada: Revestimento de paramentos rematados con materiais ou solucións construtivas inadecuadas . Eliminación de elementos adxacentes e/ou a renovación do acabado dos paramentos cegos de fachadas, carpintarías ou cerrallarías exteriores, que supoñan un impacto paisaxístico. Actuacións sobre fachadas de cachotaría ou cantaría que precisen a aplicación ou renovación dos morteiros de rexuntamento. EXCLUIDA a substitución de carpintarías e cerrallarías exteriores e o picado de recibos en fachadas de cachotaría para deixar vista a pedra, sen prexuízo de que poidan ser obxecto de actuacións de renovación de acabado. Excepción: poderá considerarse a subvención cando se trate de actuacións sobre arquitecturas tradicionais
- b) Remate, renovación e/ou substitución do acabado exterior de cuberta. Para corrección de deficiente estado de conservación ou presentan solucións construtivas ou materiais de acabado inadecuados. Subvencionable a substitución de cubertas de placas de fibrocemento e/ou doutros materiais, así como a eliminación de elementos adxacentes discordantes cos valores paisaxísticos do contorno onde se sitúa a edificación. EXCLUIDA a renovación de elementos estruturais (soportes, vigas, pontóns...) así como as deficiencias estéticas que se resolvan con labores de limpeza. Non entraría a substitución de cubertas de tella cerámica ou lousa por outras solucións con outros materiais de acabado.
- c) Recuperación, restauración e/ou revestimento de muros de peche de terreos.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Praza de Insuela S/N
15123 - CAMARIÑAS
981 737004 Fax: 981 736199
mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net
www.camarinas.net

